



Resolución reitoral de 17 de agosto de 2026 pola que se resolve a convocatoria dos programas internacionais de mobilidade de docencia (STA) do persoal docente da Universidade da Coruña

Mediante resolución reitoral de 22 de abril de 2026, establecéronse as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade de docencia (STA) de persoal docente da Universidade da Coruña e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2026/27.

O 5 de agosto de 2026 publicouse a proposta de adxudicación elaborada pola Comisión de selección, abríndose un prazo de cinco días no que non se presentaron alegacións.

Polo exposto, e en virtude do disposto nas bases reguladoras, esta Reitoría

RESOLVE:

1º) Aprobar a adxudicación de bolsas STA 2026/27 entre as persoas que presentaron as súas solicitudes ata o 29 de xullo de 2026, que se recollen no anexo.

2º) Ordenar a publicación desta resolución e notificarlla ás persoas adxudicatarias por correo electrónico, facéndolles saber que deberán asinar un convenio financeiro coa UDC que lles será remitido pola ORI por correo electrónico.

Contra esta resolución, que pón fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa ou, potestativamente, un recurso potestativo de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambos prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización.



ANEXO . Relación de beneficiarios

Programa de movilidade	Apelidos e Nome	Centro	País	Institución destino	Inicio (data prevista)	Fin (data prevista)	Duración	Número horas docencia	Docencia en inglés na UDC	Axuda dieta	Axuda viaxe	Bolsa max.total prevista
Erasmus-STA	Amado Lorenzo, Antonio Gonzalo Pedro	Escola Técnica Superior de Arquitectura	Türkiye	Nişantaşı Üniversitesi Bozkurt	05/10/2026	09/10/2026	7	8	No	630	580	1210
Erasmus-STA	Díaz Varela, José	Facultade de Ciencias	Poland	Uniwersytet Im. Adama Mickiewicza	19/10/2026	23/10/2026	7	8	Si	630	395	1025
Erasmus-STA Combinada	Fuentes Loureiro, María Ángeles	Facultade de Dereito	Italy	Università degli Studi di Trento	09/11/2026	13/11/2026	7	4	Si	840	309	1149